VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Área de Promoción e Proxectos Internacionais
Edificio CACTUS – Campus VIDA
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
http://imaisd.usc.es

# FINANCIACIÓN PARA PROYECTOS DE I+D+i COLABORATIVOS: CONVOCATORIA 2021 DE AXUDAS A PROXECTOS DE COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA DO "PROGRAMA ESTATAL PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E DE INNOVACIÓN 2021-2023, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA"

| DATOS XERAIS | |
|---|---|
| **Texto da convocatoria** | https://www.boe.es/boe/dias/2021/12/31/pdfs/BOE-A-2021-21967.pdf |
| **Descrición xeral** | O obxectivo que se procura é apoiar o desenvolvemento de **proxectos de desenvolvemento experimental en colaboración** entre **empresas e organismos de investigación públicos ou privados**, co fin de incorporar coñecementos e resultados científicos-técnicos que permitan a validación e o desenvolvemento pre-competitivo de novas tecnoloxías, produtos e servizos.<br><br>Aínda que a convocatoria establece que os proxectos financiaranse vía préstamo ou subvención, **a participación da universidade será sempre subvención**. |
| **Participantes** | **Mínimo dúas entidades** participantes: unha empresa e un organismo de investigación público ou privado.<br>O **coordinador/solicitante** pode ser debe ser **unha empresa pública ou privada**.<br><br>**Balance empresa/investigación:**<br>▪ Participación empresarial (público ou privado): entre o **51%** e o **90%** (ningunha pode soportar máis do 70% por si soa).<br>▪ Participación dos organismos de investigación (públicos ou privados) entre o **10%** e o **49%.**<br>▪ Participación **mínima** de cada entidade: **10%** do orzamento total presentado.<br>Todos os participantes teñen a obriga de solicitar a axuda, aínda que a solicitude é única |
| **Coordinador técnico** | A Agrupación poderá nomear a un Coordinador Técnico do proxecto, **non sendo obrigatoria** esta figura. Se se nomea deberá estar recollido na memoria. Por outra banda, se non se nomea entenderase que o representante da agrupación asume as tarefas de coordinación técnica**.** |
| **Acordo de consorcio** | Na convocatoria non se esixe presentar coa solicitude un acordo de colaboración asinado por todas as entidades participantes dun proxecto.<br>Dende a USC **considérase imprescindible a sinatura de, polo menos, un PRE-ACORDO** onde se regule a configuración do consorcio, a xestión da solicitude, acceso e uso de información confidencial, etc. (A USC dispón dun modelo que se poderá facilitar ao solicitante). |
| **Características do proxecto** | ▪ Orzamento **mínimo de 400.000 €**<br>▪ Duración: **inicio sempre no 2022** (nunca antes da data de peche de convocatoria), e deberán **durar obrigatoriamente 3 anos. Período único de execución** (sen anualidades).<br>▪ A axuda poderá **executarse o longo de todo o proxecto**. |
| **Gastos subvencionables para a Universidade** | ▪ Gastos de persoal (só persoal dos grupos de cotización 1, 2 e 3 con titulación universitaria de grao medio ou superior ou formación profesional de grao superior). **Non se financia o custo da liquidación** asociado ao contrato laboral (**este debe ser asumido polo Grupo de Investigación).**<br>Deberá incluírse no orzamento o custe do persoal propio aínda que este non será subvencionado. O custo de persoal propio si computa para o cálculo das porcentaxes de participación. **Son necesarios partes horarios para a súa** |

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Área de Promoción e Proxectos Internacionais
Edificio CACTUS – Campus VIDA
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
http://imaisd.usc.es

| | |
|---|---|
| | **xustificación.**<br>▪ Adquisición de aparatos e equipos novos sempre que se dediquen exclusivamente ao proxecto e a súa vida útil coincida coa duración do mesmo. Leasing: só cantidades pagadas dentro do período de execución do proxecto.<br>▪ Material funxible (Non se financia o material de oficina e consumibles informáticos).<br>▪ Subcontratación (non se pode subcontratar máis do 50% do orzamento).<br>▪ Solicitude de patentes.<br>▪ Asistencias técnicas.<br>▪ Consultaría para a xestión do proxecto (só o coordinador e ata 20.000 euros por proxecto).<br>▪ Viaxes estritamente necesarios para a realización do proxecto. Non se financian viaxes correspondentes á asistencia a congresos, xornadas ou outras actividades de difusión.<br>▪ Custos indirectos.<br>Informe de Auditor ata un máximo de 1.200 euros por entidade beneficiaria e anualidade. Na USC establécese un custe de 500€/año. |
| **Financiamento** | ▪ Empresas privadas: préstamo*.<br>▪ Empresas públicas: subvención.<br>▪ Universidades Públicas y OPIs definidos en el art. 47 de la Ley 14/2001, de 1 de junio: subvención.<br>▪ Centros de I+D públicos e privados: subvención.<br>*Préstamo: prazo de amortización 10 anos, 3 anos de carencia e tipo de xuro Euribor publicado polo Banco de España no mes anterior á publicación da convocatoria. Para préstamos < 200.000€ por entidade ou préstamos < 1.000.000 por proxecto, deberán presentar unha garantía do 25% da cantidade concedida.<br>**IMPORTANTE:** A percepción das axudas reguladas na convocatoria será **compatible** coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración Pública ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, nos termos que establece o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro |
| **Declaración responsable** | O investigador principal debe enviar asinado antes da presentación do proxecto unha declaración responsable (enviaríase o documento) na que faga constar:<br>• Que coñece os termos e condicións estipuladas na convocatoria *2021 de axudas a Proxectos de Colaboración Público-Privada*, especialmente no relativo á responsabilidade solidaria dos membros do Consorcio no caso de que un membro da agrupación non responda das obrigas de reintegro.<br>• Que financiará o custo de liquidación asociado ao contrato laboral das persoas que formen parte do equipo de investigación do proxecto referenciado, por non ser este un custo subvencionado pola convocatoria mencionada.<br>• Que, en base á información da que dispoñe, considera que o proxecto a presentar é viable e que o consorcio creado é solvente tecnicamente. |
| **Criterios de avaliación** | O Anexo I da Convocatoria establece o seguinte:<br>**a)** ***Calidade e viabilidade da proposta:***.<br>▪ *0 – 40 puntos (Limiar 20 puntos)*<br>**b)** ***Explotación de resultados esperados e orientación o mercado:***<br>▪ *0- 20 puntos*<br>**c)** ***Capacidade técnica e económica do consorcio:***<br>▪ *0 – 15 puntos*<br>**d)** ***Impacto Socioeconómico***<br>▪ *0 – 15 puntos* |

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Área de Promoción e Proxectos Internacionais
Edificio CACTUS – Campus VIDA
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
http://imaisd.usc.es

| | | |
|---|---|---|
| | **e)** ***Proxección Internacional***<br>▪ *0 – 10 puntos* | |
| **Prazos de presentación de solicitudes** | **4 de febreiro** | Co fin de poder garantir a presentación de todos os proxectos na data de finalización do prazo establecido pola Axencia Estatal de Investigación (**9 de febreiro as 14:00h**.), é necesario que toda a documentación para a presentación da mesma estea subida na Sede Electrónica. **A partir desta data a USC non poderá garantir a presentación das solicitudes en prazo.** |
| **Información sobre a convocatoria** | **Correo electrónico:** **investigacion.colaborativa@usc.es**<br>**Persoas de contacto:** Eva Fabeiro (Ext. 16208), Laura Martínez (Ext 16238), Ramón Mazoy (Ext. 22850) e Mª Dolores Vega (Ext. 22852) | |

VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Área de Promoción e Proxectos Internacionais
Edificio CACTUS – Campus VIDA
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816201
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
http://imaisd.usc.es

## APOIO DENDE A VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

Dende a Vicerreitoría de Investigación e Innovación considérase que esta é unha iniciativa interesante e polo tanto, ofrecerase un **APOIO** a aqueles investigadores que desexen participar, incluíndo:

- Asesoramento en todas as fases da solicitude e, posteriormente, seguimento se o proxecto fose concedido.
- Apoio na preparación de orzamentos e na negociación do pre-acordo e/ou acordo de consorcio (a USC dispón de modelos de pre-acordo e de acordo de consorcio que se poderán facilitar).
- Envío de documentación: Orzamento, Pre-acordo, outros documentos necesarios para a presentación.

## NOTA IMPORTANTE

Segundo o establecido no artigo 7 da *Orden CIN/1502/2021, de 27 de diciembre*:

- **Cada membro da mesma será responsable do cumprimento das actividades que se comprometeu a realizar**, sen prexuízo das responsabilidades que, conforme aos artigos 40.1 e 53 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, poidan corresponder no caso das agrupacións previstas no artigo 6 da mencionada orde,

- **Cada entidade participante da agrupación deberá responder das obrigacións de reintegro ou das sancións** que se poidan impoñer como consecuencia do incumprimento dos seus compromisos, nos termos establecidos nos artigos 40.2 e 53.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

- No caso de que unha entidade participante da agrupación non responda das obrigacións de reintegro, **cada membro da mesma responderá solidariamente**, de acordo co artigo 40 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. O importe para reintegrar por cada membro da agrupación terá como límite as cantidades de axuda efectivamente recibidas.

- **Cada membro da agrupación responderá individual e exclusivamente da amortización do préstamo** que lle fora asignado e dos incumprimentos nas devolucións das cotas de amortización dos préstamos, **non aplicándose por tanto a responsabilidade solidaria á devolución dos préstamos.**

Por esta razón, os grupos de investigación e os servicios técnicos da Universidade **deberán sempre revisar e considerar a solvencia de todos os socios cos que participar nalgún proxecto** de cara a decidir a participación ou non da USC no proxecto **o que deberá informarse de forma expresa antes de validar a proposta**.